



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE MARZO DE 2014

LICENZAS

LIC/1790/2013.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Conceder licenza para retellado parcial do claustro da Colexiata Santa María Sar.

LEGALIZACIÓN

LIC/93/2014.- ALBERTO JOSÉ OTERO PEÑA E OUTROS .- Conceder a licenza de legalización das modificacións de obra realizadas nas 3 vivendas unifamiliares en R/ Coto da Veiga, 10.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS

LIC/1512/2013.- JUNTA DE COMPENSACIÓN PLG.2 SUP-3.- Conceder a licenza de parcelación da finca PR-4 en Pza. Olimpio Pérez Rodríguez.

LIC/1513/2013.- JUNTA DE COMPENSACIÓN PLG.2 SUP-3.- Conceder a licenza de parcelación da finca PR-11 en Pza. Olimpio Pérez Rodríguez.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/171/2014.- JULIO BLANCO GARCIA LIC/1952/2010
..... 2.000 €.

LIC/186/2014.- MAQUINARIA AGRICOLA CANCELA, S.L. LIC/2424/2008
..... 2.000 €.

PROPOSTA DE POSTA A DISPOSICIÓN DO CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA OS ELEMENTOS DO PAZO DE RAXOI AFECTADOS POLAS OBRAS DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE RENOVACIÓN DE CARPINTERÍAS E LIMPEZA DA FACHADA SUR DO PAZO DE RAXOI.

4.- Proposta da concelleira delegada da Area de Servizos Sociais relativa á imposición de medallas o día 8 de marzo, na homenaxe a tres mulleres.

Entre as medidas de acción positiva destinadas a facer realidade o principio de igualdade, obxectivo do III Plan de Igualdade do Concello de Santiago, destaca o compromiso da Concellaría de Asuntos Sociais e o recoñecemento de todas aquelas mulleres que destacaron ou destacan en diversos ámbitos. Por isto e unha vez visto o informe da xefa do Servizo esta Concellaría considera adecuado render unha homenaxe as seguintes persoas polos seus proxectos solidarios: María Castro Gigirey, Proxecto Xuntos Podemos; Charo Barca Fernández, Fundación Andrea; M^a Jesús Iglesias Gómez, Proxecto Paluso.

5.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao nomeamento dos representantes municipais nos Consellos Escolares de Centro.

Apróbbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á autorización do proxecto de accesibilidade e renovación do Teatro Principal e a súa posta a disposición a favor do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela.

Á vista do informe do arquitecto municipal e do da xefa da Sección de Patrimonio, a XGL aprobou a proposta da concelleira de Urbanismo a autorización do proxecto de accesibilidade e renovación do Teatro Principal e a súa posta a disposición a favor do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela. Contará cun orzamento de excución material de 61.717,64 €.

7.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de alumeadado público. "Acceso ao polígono do Tambre, tramo Son de Abaixo - Vía Marconi"

Con este proxecto preténdese dotar de alumeadado público coa súa correspondente rede de alimentación ao acceso ao Polígono do Tambre, desde o Son de Abaixo ata a Vía Marconi, co fin de mellorar a través da aplicación de novas tecnoloxías (lámpadas de alta eficiencia e baixo

consumo) a situación actual desta instalación. Serán 32 luminarias LED que substituirán ás existentes. O orzamento de execución por contrata é de 31.984,31 €.

8.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao proxecto de expropiación para a obtención dos terreos sobre os que se construírá o Centro de ciencias do Patrimonio Cultural do CSIC no ámbito da parcela EU-10 do PE-3R. Brañas do Sar.

Con esta proposta a XGL aprobou o pago aos propietarios ou herdeiros desta parcela polo importe establecido para esta expropiación, toda vez que se tramitou a documentación necesaria.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) no ámbito da reserva de equipamento RU-10. Virxe da Cerca, 6.

A solicitude desta modificación foi presentada pola Fundación Centro Galego de Solidariedade co obxecto de que se lle poida dar, dentro do uso asistencial que xa ten, o uso de aloxamento temporal en albergues. A proposta da Concelleira de Urbanismo a XGL aprobou acordar inicialmente a modificación deste Plan que se someterá a exposición pública e solicitarase informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de mellora de vial de Forte a Frades (Enfesta).

2.- Proposta do concelleiro delegado da área de Participación Cidadá relativa á prórroga do servizo de dinamización socioeducativa e sociocultural da rede municipal de centros socioculturais do Concello de Santiago.

3.-Proxecto básico de execución de renovación de carpinterías e limpeza da fachada sur do Pazo de Raxoi.

Con esta proposta a XGL aprobou por a disposición do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela os elementos do Pazo de Raxoi afectados por esta obra para que se poidan realizar estes traballos de carpintería e limpeza da fachada sur do Pazo de Raxoi. Corresponderá ao Consorcio contratar, dirixir e executar as obras. O orzamento desta actuación é de 104.332,43 €.

4.- Adxudicación das obras do parque de San Roque á empresa HPC Ibérica por importe de 42.295 euros máis IVE.